

ANUNCIO

DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE AROUSA DA LICITACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ELABORACIÓN DE INFORMES DE PERITOS INDEPENDENTES (ARQUITECTO E INFORMÁTICO) DOS PROXECTOS PRESENTADOS AO ABEIRO DA EDLP DO GALP RÍA DE AROUSA COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO MARÍTIMO, DE PESCA E DE ACUICULTURA (FEMPA)

1. ENTIDADE DE CONTRATACIÓN

Entidade de contratación	Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro da Ría de Arousa CIF: G-70196597
Obtención de documentación e información	<ul style="list-style-type: none">▪ Enderezo: C/Rodrigo de Mendoza S/N Recinto Feiral Fexdega 36600 Vilagarcía de Arousa▪ Teléfonos: 986510953/628155386▪ Correo electrónico: gac.riadearousa@hotmail.es▪ Perfil do contratante: https://galp.xunta.gal/ria-de-arousa/licitacions
Data e hora límite de obtención de documentación e información	O prazo remata o 29 de setembro
Referencia do expediente	GALP5-2023-006

2. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO

Tramitación	<input checked="" type="checkbox"/> Ordinaria <input type="checkbox"/> Urxente
Procedemento (segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar)	Procedemento II, para gastos derivados de necesidades continuas dos GALP ou esporádicas con determinados valores estimado.
Subdivisión en lotes	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non
Admisión de prórroga	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Arousa



C/ Rodrigo de Mendoza, s/n
Recinto Feiral FEXDEGA
36.600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
Tfno. 986 510 953/ 628155386

gac.riadearousa@hotmail.es // galp.mar.riadearousa@xunta.gal

Admisión de variantes e/ou melloras	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	Admisión de subcontratación	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non
--	--	------------------------------------	--

3. CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

Tipo de contrato	Contrato de Servizos
Descrición da licitación	O obxecto deste contrato é a prestación do servizo de ELABORACIÓN DE INFORMES DE PERITOS INDEPENDENTES (ARQUITECTO E INFORMÁTICO) DOS PROXECTOS PRESENTADOS AO ABEIRO DA EDLP do GALP como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
Prazo de execución	O período de prestación do servizo será anual dende a sinatura do contrato (outubro de 2023) , con posibilidade de prorrogas ata o 31 de decembro de 2026.
Prórrogas	A prórroga será anual e obrigatoria para o contratista se o aviso previo se fai cunha antelación mínima de 1 mes á data de remate do contrato. (Salvo a última que será polo tempo restante ata o 31 de decembro de 2026)
Calendario para a prestación dos servizos	Os servizos realizaranse o longo de cada ano e respondendo as obrigas contempladas nas prescricións Técnicas e Administrativas e segundo a normativa e instrucións da Xunta de Galicia.

4. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Segundo o especificado no Prego de Cláusulas Administrativas.

5. VALOR DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN



Cofinanciado por
la Unión Europea



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Valor do contrato co máximo de prorrogas estipuladas	Prezo por tipoloxía de informe, detallado no punto 3.4. dos pregos
Orzamento de licitación IVE NON INCLUÍDO	PERITO OBRAS : Informe previo arquitecto máximo 300,00€ Informe final arquitecto máximo 400,00€ PERITO INFORMÁTICO: Informe previo informático máximo 100,00€ Informe final informático máximo 150,00€
Financiamento	Esta contratación se financia nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). <i>Regulamento (UE) 2021/139 do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de xullo de 2021, polo que establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.</i>

6. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Lugar de presentación	Por correo certificado dirixido a, GALP Ría de Arousa, situadas na seguinte dirección C/Rodrigo de Mendoza S/N Recinto Feiral Fexdega 36600 Vilagarcía de Arousa sempre que se acredite a data de envío pola oficina de correos, sendo preceptivo o envío do xustificante de presentación por correo electrónico á dirección gac.riadearousa@hotmail.es , dentro do prazo de <u>presentación de ofertas sinalado neste mesmo apartado.</u>
Prazo de presentación	O prazo remata o 29 de setembro
Forma de presentación	A documentación necesaria e preceptiva presentárase en dous sobres pechados, A y C , segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar:





	<p>*O sobre B que contempla esa instrución non é de aplicación neste procedemento de contratación.</p> <ul style="list-style-type: none">- SOBRE A: Declaración Responsable (*) da persoa ou entidade licitante comprensiva do cumprimento de todos os requisitos esixidos no Prego de Cláusulas Administrativas e anexo II debidamente cuberto. <p>(*) As persoas ou empresas licitantes, coa presentación da Declaración Responsable, exímense de presentar toda a documentación acreditativa do cumprimento, que será requirida e deberá ser presentada unicamente pola persoa ou empresa que resulte adxudicataria.</p> <ul style="list-style-type: none">- SOBRE C: Oferta e documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos suxeitos a criterios avaliados de xeito automático. <p>A inclusión no SOBRE A de calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta, será causa de exclusión do procedemento de licitación da persoa ou entidade licitante.</p> <p>As ofertas presentadas, e toda a documentación preceptiva, deberán vir asinadas pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante, debendo figurar unha folla independente na que se relacione o contido da oferta que se presenta (índice do contido dos documentos que se presentan e da documentación anexa).</p> <p>No SOBRE A deberase indicar, en folla aparte, os datos da persoa ou entidade licitante: nome da persoa ou entidade, nome da persoa representante legal da entidade, persoa responsable e de contacto aos efectos da licitación, dirección postal, teléfono de contacto e dirección de correo electrónico na que a entidade de contratación realizará as notificacións derivadas da presente contratación.</p> <p>O incumprimento de todo o establecido nas bases ou na Instrución de Contratación, incluída a forma de presentación de toda a documentación esixida nos seus sobres correspondentes, será causa de exclusión do procedemento de licitación da entidade licitante</p>
<p>Prazo durante o cal a persoa ou entidade licitante está obrigada a manter a súa oferta</p>	<p>Dous (2) meses contados desde a data de apertura de proposicións.</p>





Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Arousa



C/ Rodrigo de Mendoza, s/n
Recinto Feiral FEXDEGA
36.600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
Tfno. 986 510 953/ 628155386

gac.riadearousa@hotmail.es // galp.mar.riadearousa@xunta.gal

7. APERTURA DE OFERTAS

Descrición	Apertura pública do sobre C ou 3
Lugar	<ul style="list-style-type: none">Nas oficinas do GALP Ría de Arousa, situadas na seguinte dirección C/Rodrigo de Mendoza S/N Recinto Ferial Fexdega 36600 Vilagarcía de Arousa
Data e hora	Publicarase no perfil do contratante a data e a hora da apertura das ofertas, cun mínimo de 48 h de antelación.

8. DOCUMENTOS ADXUNTOS

- Prego de Cláusulas Administrativas e Particulares (PCAP).
- Prego de Prescricións Técnicas (PPT).
- Datos da persoa ou entidade licitante (**incluir cuberto en sobre 1 ou A**)
- Anexo II A (**incluir cuberto en sobre 1 ou A**)
- Declaración de cumprimento de requisitos (**incluir cuberto en sobre 1 ou A**)



Cofinanciado por
la Unión Europea



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR